

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2014. NÚM. 11/2014.-

Asistentes:

PRESIDENTE : D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.).

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asiste: D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, N° 10/2014 de 4 de setembro.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación de créditos. Crédito extraordinario núm. 10-P/2014 do orzamento do Concello de Lalín	páx. 5
4.- Expediente de modificación de créditos. Suplemento de crédito Núm. 1-P/2014 do Orzamento do Padroado Cultural.....	páx. 8
5.- Moción do PSdeG-PSOE.	
5.1.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á transferencia da AP-53.....	páx. 9
6.- Moción do PGD.	
6.1.- Moción do PGD en relación á transferencia da AP-53.....	páx. 12
7.- Comparecencia do Sr. Alcalde para explicar os investimentos a realizar nunha sala das dependencias do Concello	páx. 13
8.- Rogos e preguntas.....	páx. 16

=====

Sendo as dez horas do **día 29 de setembro de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste o concelleiro do PSdeG-PSOE, *D. Francisco Pérez Donsión*.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 10/2014 DO 4 DE SETEMBRO DE 2014-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 10/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 10/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 10-P/2014 DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LALIN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 18 de setembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 25 de setembro de 2014.

Polo grupo de goberno, ***D. Manuel Gómez Estévez***, concelleiro delegado de Facenda, explicou o contido do expediente. Había que dar un novo firme ás pistas de pádel do Lalín Arena, xa que estaban en avanzado estado de deterioro. O custo destas obras estimábase en dez mil cincocentos euros. O expediente recollía isto.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** indicou que todo o relacionado co Lalín Arena parecía unha desfeita.

Lembrou que o Lalín Arena abriu ao público hai catro anos. Deste entón estaba a funcionar. Agora resultaba que xa había que cambiar as pistas de pádel. Lembrou que era unha obriga da empresa concesionaria e así se recollía no prego de contratación e no contrato: manter e conservar as instalacións en bo estado. Logo tiña que entregar en perfecto estado de funcionamento as instalacións. Aquí desde logo non cumpría.

Lembrou que a pesar do investimento millonario acometido, a instalación presentaba estes deterioros, goteiras e humidades. Esixían como grupo que a reparación destas obras se fixese con cargo ao aval do contrato da concesión do Gaia Lalín Arena.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** criticou, en primeiro lugar, a operación crediticia feita polo Concello para o rescate do Lalín Arena, cualificándoa polo menos de temeraria. Sinalou que se fixo porque había unha quebra da empresa.

Absteríanse porque a entrega das instalacións non se fixo en perfecto estado, como dicía o prego. Ademais disto, houbo unha rebaixa das calidades dos materiais empregados na súa construción. Doutra banda, agora era necesario acometer estas obras para o seu uso. Por iso se absterían.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** remarcou que a responsable dos deterioros destas instalacións era a empresa concesionaria. Pidiu por elo que se revisase e se depurasen as responsabilidades que houbesen da empresa concesionaria Gaia Lalín Arena. Por isto, porque non estaba claro todo este tema e tiña dúbidas, absteríase.

O Concelleiro Delegado de Deportes **D. José Antonio Varela Quintela** dixo que a instalación de pádel contaba, a pesar do pouco tempo de vida, con moito uso. Había hoxe máis de noventa usuarios que utilizaban habitualmente estas pistas.

Doutra banda, o material empregado na súa construción no foi o mellor posible. Se fose así, duraría seis anos. Como non o era, só durou catro anos. Coidaba que o deterioro era evidente, había reclamacións por este motivo e había que arranxar e repoñer o firme. Rematou reafirmando que o deterioro destas instalacións foi debido ao uso das mesmas.

O Sr. Alcalde **D. José Crespo Iglesias** indicou que se o material utilizado fose bo, duraría seis anos, que era o normal. O material empregado non foi ese, foi do mediana calidade e durou catro anos.

Lembrou que, cando se rescatou a instalación, se valorou o que había e o que se viu polos técnicos municipais. Coincidía en que o material debeu ser de mellor calidade. Por isto e porque houbo e había moito uso polos usuarios, as pistas presentaban grandes deterioros e había que repoñelas. Non era fácil esixir o seu pagamento á concesionaria Gaia Lalín Arena, porque se opoñerían. Coidaba que tiña que ser o Concello quen asumise este gasto. Para elo se necesitaba o crédito deste expediente. *“Os de Gaia Lalín Arena non son tontos, e opoñeranse en caso de reclamación municipal”*, afirmou.

De novo **D. Manuel María González Aller**, rematou o debate salientando que na operación do rescate do Lalín Arena non houbo rebaixa ningunha ao Concello na valoración que pagou á empresa concesionaria. *“Nós xa dixemos que o prezo estaba sobrevalorado. Agora ao pouco tempo xa veñen con que hai que cambiar o firme das pistas de pádel, cando a empresa tiña que entregar todas as instalacións en perfecto estado de uso e mantemento”*, sostivo. Había, polo tanto, un incumprimento por parte da empresa das súas obrigas. Por elo era lóxico que asumise este gasto.

Lembrou que se pagaron 7.100.000 euros, IVE incluído polo rescate do Lalín Arena. O único que se descontou do prezo da obra foi o IVE. O resto pagouse por todo o que se construíu.

Rematou volvendo pedir que o importe destas obras de reposición do firme das pistas de pádel se cargasen ao aval da empresa concesionaria. Isto sería o que procedería.

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) do PP.

Votos en contra: tres (3) do PSdeG-PSOE .

Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo, o Pleno da Corporación acordou aprobar o expediente e a proposta da Alcaldía, de data 25 de setembro de 2014, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 10-P/2014, a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a reposición da pavimentación das pistas de pádel do Lalín Arena, deterioradas pola intensidade do seu uso, propoñéndose por parte dos técnicos, como mellor solución, a reposición completa do pavimento, polo que se considera necesario acometer este investimento o antes posible para evitar un prexuízo aos numerosos usuarios destas instalacións. Á vista da documentación que se achega xunto ao expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 10-P/2014, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
342.632.14	Instalacións deportivas	10.500,00 €
	Reposición pavimentación Pistas de Pádel Lalín Arena	
	TOTAL ALTAS CREDITO EXTRAORDINARIO	10.500,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
920.121.01	Administración Xeral	10.500,00 €
	Complemento Específico	
	TOTAL BAIXAS	10.500,00 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que

van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo, polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 1-P/2014 DO ORZAMENTO DO PADROADO CULTURAL.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 17 de setembro de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 25 de setembro de 2014.

O edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do expediente. Había que adquirir material e facelo agora que empezaba o curso académico. Indicou que este asunto se explicou tanto no Padroado Cultural coma na comisión informativa.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller**, dixo estar a favor da proposta, se ben botaba de menos que outro ano máis non se contase cun Conservatorio de música Folque no Padroado Cultural, idea que o seu grupo consideraba unha boa iniciativa.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén estaba a prol da proposta. O material, mesmo algúns pianos, estaba deteriorado e había que adquirir algún novo ou repoñelo.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** tamén vía favorable a proposta porque era unha adquisición e un gasto necesario para o curso escolar.

Sometida a votación ordinaria a proposta do expediente, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **aprobase o expediente e a proposta da Alcaldía**, de data 17 de setembro de 2014, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 1-P/2014 no Presuposto do Organismo Autónomo Padroado Cultural de Lalín, a financiar mediante Remanente Líquido da Tesourería para Gastos Xerais procedente do peche do exercicio 2013 do orzamento do citado organismo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a adquisición de novos equipos e instrumentos musicais de cara ó comezo do curso académico que permitan un mellor desenvolvemento do ensino que se está

a impartir no Conservatorio Profesional de Música de Lalín; en concreto, básicamente trátase de adquirir 5 minicadenas musicais, un xilófono e 2 pianos para distintas aulas do Conservatorio, polo que é importante que se poida dispoñer do citado equipamento dende os inicios do curso, o que sen dúbida redundará nunha mellora na prestación do servizo. En consecuencia, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito no Orzamento do organismo autónomo Padroado Cultural de Lalín, Expediente Núm. 1-P/2014, financiado mediante a Remanente Líquido da Tesourería para gastos xerais procedente da Liquidación do exercicio 2013 do orzamento do citado organismo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos do Padroado Cultural de Lalín ás que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
323.629.00	Promoción Educativa Outros investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos	11.633,00 €
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		11.633,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar a modificación de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2013 do orzamento do Padroado Cultural de Lalín, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-

5.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á TRANSFERENCIA DA AP-53.

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de setembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5652. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 25 de setembro de 2014.

O debate e votación desta moción realizouse conxuntamente coa moción presentada polo PGD que se recolle no punto 6.1. da presente acta.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller**, explicou o contido da mesma. Falar deste tema era volver sobre un asunto xa tratado en moitísimas ocasións hai anos. Era a súa vez un tema importante para Galicia. Ao mesmo tempo que se produciron e había bonificacións para os usuarios dalgunhas autoestradas, en Galicia e en España, aquí, na AP-53, resulta que non había cambios.

Na moción propoñíase a rebaixa, aínda que a solución real ao problema é o traspaso da titularidade da dita autoestrada á Xunta de Galicia. *“Nós si que pedimos isto, agora e antes”*, afirmou. Pola contra non vían intención na actual Ministra de Fomento de rebaixar a AP-53, por exemplo aplicando algunha medida similar á que aplicaban na zona de O Morrazo, entre Pontevedra e Vigo, na AP-9, na que en determinadas situacións unha viaxe no mesmo día lles saía de balde aos usuarios.

De seguido, polo PDG **D. Camilo Conde López**, tamén xustificou o contido da moción. Indicou que este prezo de utilización da AP-53 tiña especial importancia para os usuarios habituais, e para as empresas. Era importante que se traspasase ou se rebaixaran as peaxes polo seu impacto na economía de todos, e máxime agora nun intre de crise económica. Pediu polo tanto que se reconsiderase isto e se aceptase o que se pedía na moción.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que a solución era a supresión da taxa. Coidaba que os galegos xa pagamos bastante esa autoestrada, ata en varias ocasións con préstamos, subvencións a fondo perdido e coas peaxes. O que era certo era que noutros lugares había facilidades e rebaixas, por exemplo na zona do Morrazo da AP-9, e aquí todo seguía igual. Adiantou que procedía a supresión das peaxes, e de non ser posible, a súa rebaixa.

Dende o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** salientou que o seu grupo apoiaba estas medidas, algo que viña de lonxe, desde o propio Concello ata o Parlamento de Galicia, con propostas aprobadas por todos os grupos políticos. Engadiu que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas estaba a realizar un estudo de todas as autoestradas de Galicia, e podía engadirse unha emenda ás mocións, no sentido de que se dea trato preferente ou prioridade á AP-53 no dito estudo.

De novo **D. Manuel María González Aller**, afirmou que este tema xa estaba falado en moitas ocasións, e o seu grupo sempre estivo apoiando, lembrando que se saíu da comisión creada por un tema puntual. Eles apoiaban a idea do voceiro popular, pero confiaban nel, e esperaba que ese apoio non fose a cambio de contraprestacións, por exemplo como que se sacrificase a gratuidade da AP-53 no tramo de Dozón-Ourense. Reiterou que non coñecían esa comisión e confiaban no voceiro popular para apoiar a dita emenda.

Tamén desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño**, dixo que: *“Mete medo a emenda”*, descoñecía ese estudo en curso. Tiña que confiar no voceiro popular. Tamén pediu que non houbera contraprestacións en caso de ser considerada prioritaria esta demanda pola Xunta de Galicia. Anticipou que non estaría de acordo na rebaixa se fose de dez ou de vinte céntimos; coidaba que debía ser significativa.

Doutra banda lembrou que a Xunta de Galicia pagaba a peaxe noutras autoestradas, e que ese estudo non debiera abordar o pago da débeda da Xunta de Galicia á empresa.

Rematou o debate **D. Manuel María González Aller** insistindo en que daba un voto de confianza ao voceiro popular, sen saber a existencia desa comisión, nin o que pretendía realmente.

De todos os xeitos afirmou que o que era certo era que o ano pasado houbo rebaixas en España e en Galicia seguíamos igual.

Por alusións **D. Román Rodríguez González**, do PP, indicou que a eliminación das peaxes nas autoestradas radiais de Madrid, aínda que se materializou o ano pasado, foi unha medida xa aprobada e iniciado o procedemento polo anterior ministro socialista *Sr. Pepe Blanco*.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, acordouse **APROBAR a moción e a emenda presentada** do seguinte tenor:

A autoestrada de peaxe, “**Autopista Central Gallega ou AP-53**”, de Santiago de Compostela-Ourense representa unha vía de alta capacidade que constitúe o eixo central de comunicacións entre Santiago e Ourense, facilitando a comunicación entre os principais núcleos de poboación da área xeográfica atravesada. É unha das máis caras de todo o estado español.

A lonxitude da vía, na que os usuarios deben aboar unha peaxe de 5.95 €, é de 41 qm, unha cantidade que ano a ano increméntase nunha escalada imparabile, agravada dende 2011 polo aumento del 0,5 %, a sumar ao fixado no IPC como imposto para compensar as obras adicionais.

A Xunta de Galicia, presidida por *D. Alberto Núñez Feijoo* asumiu, como compromiso electoral, que a mobilidade da poboación galega con independencia do seu lugar de residencia non se vira condicionada polo pago de peaxes, presentando na pasada lexislatura plans como o MOVE, con obxectivos fixados ao respecto.

Para a consecución dese obxectivo, o goberno galego aprobou o Decreto 54/2010 do 31 de marzo, polo cal aprobábase o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia S.A., mediante o cal se regulaba a bonificación das peaxes nas autoestradas: A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val (AG-57), consistente nunha redución do 25 % sobre o importe da peaxe na viaxe de volta e a redución dun 50 % na última viaxe cando se realice máis dun traxecto.

A intención do goberno popular, ou así llo transmite aos cidadáns sempre que hai eleccións, é lograr a transferencia da AP-53 e poder aplicar tamén estas condicións ás súas peaxes. Para acadalo solicitaron ao Ministerio de Fomento, nos anos 2009, 2010 e 2012, a transferencia da titularidade desta vía co fin de poder negociar directamente coa concesionaria os axustes nas tarifas, sen obter por parte do Ministerio resposta algunha ata a data.

Ata o de agora o argumento para paralizar calquera negociación de traspaso é a devolución do crédito, mediante uns préstamos participativo de 60 millóns de euros, aportados no seu día polo goberno central para a construción desta vía de alta capacidade, que o Ministerio pretende recuperar e do que a administración autonómica non quere facerse cargo.

Pero o certo é que, segundo os datos do IMD dos últimos meses, supéranse dende o 2009 na maioría dos treitos a cantidade de vehículos diarios a partires dos que a concesionaria debera ir remunerando o préstamo participativo con pagos ao Estado do 50% dos ingresos das peaxes, netos de IVE. Tal e como se recolle nos pregos e nas cláusulas administrativas particulares para a construción, conservación e explotación da autoestrada de peaxe AP-53.

Por outra banda, na autoestrada de titularidade estatal AP-9 que tamén discorre enteiromente por Galicia o Goberno Central chegou a un acordo coa concesionaria para establecer rebaixas de peaxe no treito que une a Vigo con Pontevedra pois tamén esas tarifas eran superiores á media e o Goberno do Estado negociou esa rebaixa. A finais do ano 2012 a ministra *D^a. Ana Pastor* anunciou o acordo coa concesionaria que se veu refrendado coa súa publicación no BOE o 13 de febreiro de 2013.

Por ese acordo o usuario que ten telepeaxe aforrara a totalidade do traxecto de volta se este se realiza no mesmo día. Entendemos que esta medida, xusta para os vigueses e pontevedreses, debería ser tamén aplicada aos usuarios da AP-53 que fan fronte a unha peaxe excesiva.

Por todo elo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar ao Goberno Central do Estado a urxente transferencia da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia.

Segundo.- Mentres a transferencia non se realice, adoptar unha rebaixa similar á AP-9 no treito Pontevedra-Vigo pola cal aos usuarios de telepeaxe les sae gratis o traxecto de volta cando se realice no mesmo día.

Terceiro.- Solicitar que na análise de homoxeneización de peaxes que está a desenvolver a Xunta de Galicia se lle dea trato prioritario á AP-53.

6.- MOCIÓNS DO PGD.-

6.1.- MOCIÓN DO PGD EN RELACIÓN Á TRANSFERENCIA DA AP-53.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 24 de setembro de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 5673. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 25 de setembro de 2014.

O debate e votación desta moción realizouse conxuntamente no punto 5.1. Moción do PSdeG-PSOE en relación á transferencia da AP-53.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, acordouse APROBAR a moción e a emenda presentada do seguinte tenor:

A autoestrada de peaxe, “**Autopista Central Gallega ou AP-53**”, de Santiago de Compostela-Ourense representa unha vía de alta capacidade que constitúe o eixo central de comunicacións entre Santiago e Ourense, facilitando a comunicación entre os principais núcleos de poboación da área xeográfica atravesada. É una das máis caras de todo o estado

español.

A lonxitude da vía na que os usuarios deben aboar unha peaxe de 5.95 €, é de 41 km, unha cantidade que ano a ano incrementase nunha escalada imparabile, agravada dende 2011 polo aumento del 0,5% a sumar ao fixado no IPC como imposto para compensar as obras adicionais.

A Xunta de Galicia, presidida por *D. Alberto Núñez Feijoo*, asumiu, como compromiso electoral, que a mobilidade da poboación galega con independencia do seu lugar de residencia non se vira condicionada polo pago de peaxes, presentando na pasada lexislatura plans como o MOVE, con obxectivos fixados ao respecto.

Para a consecución dese obxectivo, o goberno galego aprobou o Decreto 54/2010 do 31 de marzo, polo cal aprobábase o convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia S.A., mediante o cal se regulaba a bonificación das peaxes nas autoestradas: A Coruña-Carballo (AG 55) e Puxeiros-Val (AG-57), consistente nunha redución do 25 % sobre o importe da peaxe na viaxe de volta e a redución dun 50 % na última viaxe cando se realice máis dun traxecto.

A intención do goberno popular, ou así llo transmite aso cidadáns sempre que hai eleccións, é lograr a transferencia da AP-53 e poder aplicar tamén estas condicións as súas peaxes. Para acadalo solicitaron ao Ministerio de Fomento, nos anos 2009, 2010 e 2012, a transferencia da titularidade desta vía co fin de poder negociar directamente coa concesionaria os axustes nas tarifas, sen obter por parte do Ministerio resposta algunha ata a data.

Ata o de agora o argumento para paralizar calquera negociación de traspaso é a devolución do crédito, mediante uns préstamos participativo de 60 millóns de euros, aportados no seu día polo goberno central para a construción desta vía de alta capacidade, que o Ministerio pretende recuperar e do que a administración autonómica non quere facerse cargo

Pero o certo é que, segundo os datos do IMD dos últimos meses, supéranse dende o 2009 na maioría dos treitos a cantidade de vehículos diarios a partires dos que a concesionaria debiera ir remunerando o préstamo participativo con pagos ao Estado do 50% dos ingresos das peaxes, netos de IVE. Tal e como se recolle nos pregos das bases e nas cláusulas administrativas particulares para a construción, conservación e explotación da autoestrada de peaxe AP-53.

Por outra banda, na autoestrada de titularidade estatal AP-9 que tamén discorre enteiramente por Galicia o Goberno Central chegou a un acordo coa concesionaria para establecer rebaixas de peaxe no treito que une a Vigo con Pontevedra pois tamén esas tarifas eran superiores á media e o Goberno do Estado negociou esa rebaixa. A finais do ano 2012 a ministra Ana Pastor anunciou o acordo coa concesionaria que se veu referendado coa súa publicación no BOE o 13 de febreiro de 2013.

Por ese acordo o usuario que ten telepeaxe aforrarse a totalidade do traxecto de volta se este se realiza no mesmo día. Entendemos que esta medida, xusta para os vigueses e pontevedreses, debería ser tamén aplicada aos usuarios da AP-53 que fan fronte a unha peaxe excesiva.

Por todo elo, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar ao Goberno Central do Estado a urxente transferencia da autoestrada AP-53 á Xunta de Galicia.

Segundo.- Mentres a transferencia non se realice, adoptar unha rebaixa similar á AP-9 no treito Pontevedra-Vigo pola cal aos usuarios de telepeaxe saíralles gratis o traxecto de volta cando se realice no mesmo día.

Terceiro.- Solicitar que na análise de homoxeneización de peaxes que está a desenvolver a Xunta de Galicia se lle dea un trato prioritario á AP-53.

7.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA EXPLICAR OS INVESTIMENTOS A REALIZAR NUNHA SALA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO.-

O comparecente, **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, explicou que a idea de instalar nos edificios anexos ao edificio do Concello un centro de cultura castrexa e un castro virtual enmarcábase dentro do programa Depodeza. Este proxecto estaba financiado nun 70% por fondos FEDER e nun 30 % por fondos propios da Deputación Provincial de Pontevedra.

Coidaba que para opinar sobre este programa había que saber e coñecer de que se trataba previamente. Moito do que se dixo pola oposición na prensa fíxose sen ter datos desta idea.

A Deputación Provincial de Pontevedra presentou varios proxectos para seren incluídos neste programa de fondos FEDER. A condición para ser elixidos era que tiñan que seren proxectos novidosos. O sexto dos proxectos presentados era Depodeza e este foi o que resultou elixido, porque se trataba dun proxecto singular e para uns fins concretos.

Non se trataba con este fondo FEDER de cubrir necesidades ordinarias ou para atenderen a familias necesitadas. Dicur isto era demagogia. O certo era que para ser escollido nos fondos FEDER había que presentar un proxecto novidoso e de investigación. E iso foi o que se fixo: o proxecto Depodeza. Deste xeito foi un obxectivo prioritario e por iso saíu adiante. Non se facía o que facía falta, senón o que era prioritario nas normas dese fondo FEDER. O que eles pedían.

Unha das ideas que había era que ese centro de cultura castrexa catalogase no futuro os restos arqueolóxicos da comarca de Deza que estaban almacenados en sacos no museo histórico provincial de Pontevedra.

Outra idea que tiña para o futuro era acometer excavacións arqueolóxicas no castro de Don Ramiro, con ou sen acordo cos donos das terras; neste último caso expropiando.

En suma, tratábase de que este conxunto tivese tres patas: unha sería o Pazo de Liñares, outra no Museo de Pontevedra e outra no centro virtual de cultura castrexa aquí no edificio do Concello.

Considerábase un alcalde e un xestor especializado e constante, que traballaba en coordinación con outras administracións. Valoraríanse as pezas compartidas no Museo Provincial.

Os obxectivos que buscaban eran: en primeiro lugar, que se faga o máximo nese eido da cultura castrexa na comarca de Deza. Neste caso os fondos europeos atenden non as necesidades máis inmediatas, senón os fins prioritarios que figuran na súa normativa; en segundo lugar, que se manteña no futuro, imbricado e enlazado coas instalacións da Deputación Provincial.

O programa Depodeza remataba o 31-12-2014. Buscábase que este proxecto e estas ideas continúen e sigan en funcionamento estas instalacións cando aquel remate.

“Nós collemos esta idea, para que no Castro tecnolóxico funcione e estea unido ao Museo de Pontevedra”, sinalou. Aquí se plantexa un centro virtual enfocado á comarca de Deza, e que a xente pense que ten que vir a Lalín para completar a súa visita ao Museo de Pontevedra. Deste xeito teremos unhas instalacións máis en Lalín poñendo só unha parte. Doutro xeito, de quero, teríamos que pagar o cento por cento.

Recoñecía que a labor da oposición non era grata, e por iso parecía demagogia moito do que se dicía. Era certo que se ían gastar aquí uns oitocentos cincuenta mil euros, en dous sitios,

con tres salas, ás que engadiranse as do Museo Provincial. Son tres espazos circulares na parte baixa deste Castro Tecnolóxico. Nestas daranse explicacións, consultaranse os mapas e datos que írán en cada sala.

En resumo, había que dicir que os cartos que había eran para este fin e non podían ir a outros distintos. Todo isto chamábase xestión. E isto foi o que fixo.

Polo PSdeG-PSOE e grupo propoñente desta comparecencia, **D. Manuel María González Aller** indicou que o Sr. Alcalde fixo unha boa exposición. Das súas palabras desprendíase que a Europa só lle interesaba facer cousas inútiles, e que a Lalín só lle darían subvencións para fomentar a conservación da paisaxe, a gastronomía e o turismo.

Non entendía que tanto investimento fose destinado á construción dun centro virtual, cando na páxina web do Ministerio de Cultura estaba todo o que se podía ver e visitar. Aquí vaise facer o mesmo en tres salas circulares. Era unha cousa parecida ao que xa había no dito lugar. Contarase cunha pantalla e cun ordenador. Non comprendía por que para isto se habilitaban ata tres salas.

Pola contra ao goberno municipal parecíalle ben que se fosen a cortar soutos e talar árbores na zona de Catasós, por mor dunha liña de alta tensión, unha liña que debíase soterrar e non vir por vía aérea.

En suma, coidaba que á vista do escoitado, parecía que o Sr. Alcalde tería o que tanto buscaba durante estes anos: un museo do Cocido. Non lle parecía mal, pero había que dicilo así.

Lembrou que cando o seu grupo pediu para a oficina agraria un centro con douscentos metros cadrados díxoselles que faltaba espazo e non era suficiente o que había. Agora con trescentos metros habería un centro virtual. Non o entendían.

Preguntou: *¿por que estas instalacións non van ao Pazo de Liñares?*

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que todos os grupos apostamos desde o principio por potenciar o Pazo de Liñares. Agora viamos que se dividían as instalacións. Alí ían ir os centros da cultura castrexa e a recopilación histórica.

Temíase que non se utilizasen nin se visitasen tantas instalacións. Coidaba que para evitar isto, todas estas instalacións debían estar ubicadas no Pazo de Liñares, e non disgregalas. Aquí, no Castro Tecnolóxico, ese centro virtual ou museo virtual non encaixaba.

A todo isto, o gasto sería excesivo. Queríase rentabilizar e se disgregaba o gasto. Non o entendía. Para poñer un ordenador, unha pantalla e unha sala, podía empregarse perfectamente no Pazo de Liñares. Aquí, no edificio do Concello podían ir outras cousas. En suma, non lle gustaba este proxecto.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** dixo que este era un tema complexo. Había un traballo feito, algo que era positivo, pero había que estudar os destinos e usos destas instalacións e do Pazo de Liñares.

Sinalou que a Europa lle interesaría que se rentabilizasen as ideas, pero neste caso podía ser fantasiosa. Polos seus contidos tiña dúbidas. Hoxe en día se tiraba a centralizar, a concentrar para reducir gastos e conseguir máis eficiencia.

En suma consideraba que este tema era bonito e interesante, pero tamén coidaba que era algo fantasioso, e que non estaba anclado na situación e no contexto social de crise económica no que vivíamos.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias**, no uso da palabra, dixo que el e o seu grupo eran soñadores tamén, salvo D. Camilo González Bodaño. Todos traballaban e xestionaban os asuntos municipais. Moitas veces acertaban e outras equivocábanse. Así, moitos proxectos se empezaban e non se terminaban. Pero eles preferían facer cousas, aínda que se equivocasen. En referencia a D. Manuel María González Aller volveu a dicirlle que os fins do proxecto FEDER, e de Depodeza eran os que eran. Ou se adaptaban os proxectos a esa normativa, ou

non recibían axuda. Tiñan que ser ideas novas e innovadoras, e non servían as que afectaban á estrutura produtiva, social básica ou necesaria.

“*As pautas as fixan eles, non nós*”, afirmou.

O obxectivo que tiña, xa o dixo moitas veces, volvía a dicilo: o que se quería era que viñera xente a Lalín, e aquí no Concello nos conviña que viñera xente a Lalín.

En referencia ao voceiro do BNG, díxolle que xa o Pazo de Liñares quedábase pequeno, canto máis para meter outras instalacións a maiores. Habería que esperar un par de anos a ver como se movía isto.

En canto aos fins de instalar nestes espazos circulares a oficina agraria, coidaba que agora non se podía, pero hai un proxecto á espera na Xunta de Galicia.

D. Manuel María González Aller pediu entón por alusións que a Oficina Agraria podía utilizarse como tal a que estaba nas inmediacións do vello edificio do Concello.

Respondeu **D. Xosé Creso Iglesias** dicindo que había un proxecto que saíría adiante. O proposto polo voceiro socialista non era axeitado.

De novo o voceiro socialista, preguntou ao Sr. Alcalde por que actuaba con esa contundencia para defenderen esas ideas tan claras en relación con esta instalación, e non actuaba do mesmo xeito para reclamar o Centro de Día para Lalín?.

O Sr. Alcalde indicou que as peticións e demandas para un Centro de Día non estaban claras. O número de persoas atendidas en Lalín agora mesmo non xustificaría esa petición.

Tamén dirixíndose a **D. Camilo Conde López** indicou que esa idea de centralización que tiña era oposta a todo o que el fixo nestes anos e polo que tanto loitou. Á zona rural de Galicia había que darlle servizos e instalacións; de no seren así, quedarían só as sete grandes cidades galegas e o resto desaparecería.

Volveu incidir en que o obxectivo por riba de todo era traer xente a Lalín. A cultura era un medio máis para isto. Era fácil instalar e montar un centro virtual ou calquera outra instalación; o difícil era mantelas. Cando quede obsoleto este museo ou centro e o Concello reclame cambios nas instalacións, pode que se pechen. Pero se aquí hai outras entidades implicadas, como era a Deputación de Pontevedra, algo darán e non será tan difícil acometer esas modificacións ou actualizacións e afrontalas. Era importante ter cobertura e apoio doutras institucións. Lalín neste intre estaría mellor así, que doutra forma en solitario.

Con esta intervención deuse por rematada esta comparecencia.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

8.1.- ROGOS.-

Presentados de xeito escrito.

PGD.

En relación á proposta de homenaxe ao coñecido como gaiteiro de Moneixas, se temos en conta que a Asociación de funcionarios para a normalización lingüística está a propoñer a súa materialización, deixando constancia escrita da memoria de cantos nos transmitiron un legado cultural, ós que nós debemos amosarlle a gratitude e transmitirla ás que nos han suceder, como fixeron co gaiteiro de Laroá,

ROGO.- Pide que o Concello se poña en contacto coa mencionada asociación e propoñerlle un acto conxunto que supoña unha maior riqueza na materialización do mesmo e así se acorde, solicitando a súa conformidade e colaboración do evento.

O Sr. Alcalde quedou enterado.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

Non houbo.

8.2.- PREGUNTAS.-

Presentados de xeito escrito.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel María González Aller.

Visto que se van talar arbores en Lalín, na zona de Catasós porque a liña de alta tensión que ven desde O Irixo-Lalín vai pasar por esta zona, e que teñen un grande valor paisaxístico e no contorno.

1.- PREGUNTA.- ¿Vai facer algo o Sr. Alcalde para evitar isto?.

O Sr. Alcalde-Presidente afirmou que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- ¿Vai esixir a Unión Fenosa que soterre a liña de alta tensión que ven desde O Irixo a Lalín?.

O Sr. Alcalde-Presidente afirmou que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- ¿Vai devolver o Concello de Lalín aos seus empregados públicos a paga extraordinaria ou a parte da mesma que se anuncia polo Ministro de Facenda nos orzamentos para o ano 2015?.

Respondeu o Sr. Alcalde. Dixo que en primeiro lugar cumprimos a lei; en segundo lugar que o Concello non ten problemas para facelo e pagar esa parte da paga; e finalmente cumprimos os obxectivos de déficit orzamentos e de estabilidade orzamentaria.

D. José Armando Cristóbal Fernández Vázquez.

1.- PREGUNTAS QUE FORMULA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN COAS PERSONALIDADES INVITADAS Á INAUGURACIÓN DAS OBRAS DO PAZO DE LIÑARES.-

Na inauguración do Pazo de Liñares, como en case todas as que fai este Alcalde, foron invitados e asistiron unha morea de cargos públicos do P.P., encabezados a nivel galego polo Presidente da Xunta e a nivel provincial polo Presidente da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta as circunstancias que rodearon a concesión da cuantiosa subvención que fixo posible a realización das obras, e que as persoas que ostentaban cargos tanto no

Ministerio de Fomento coma no de Cultura, que por riba son os dous galegos, as normas máis elementais de cortesía política e uns mínimos principios democráticos levarían con toda seguridade a calquera alcalde a invitar aos ditos ex-cargos públicos á cerimonia inaugural. Dado que a composición da comitiva de invitados (ou polo menos de políticos asistentes) era absolutamente monocor, preguntamos a esta Alcaldía:

1.1.-¿Trasladouse invitación para os actos de inauguración citados tanto a Pepe Blanco como a César Antonio Molina na súa calidade de Ministro de Fomento e de Cultura respectivamente no momento de tramitación e concesión da subvención?

1.2.-En caso negativo, ¿Que razóns ou explicacións ten a alcaldía para non cursarlles a invitación?

O Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias, a modo de resposta a todas estas cuestións, afirmou que:

Invitou a Pepe Blanco a Lalín en varias ocasións, agradecéndolle a súa aportación a esta obra cando era Ministro de Fomento. Ademais na intervención co gallo da dita inauguración mencionou e agradeceu publicamente o seu traballo.

Coidaba que agora había que invitar ás persoas que ostentaban os cargos neste momento.

Lembrou que tamén quixo facelo Comendador do Cocido cando se concedeu a subvención.

*Logo veu a operación Campeón e esqueceuse todo. Puxo como exemplo de que nas inauguracións de edificios e actuacións non se invitaban a todos os que participaron, senón aos que nese intre ostentaban os cargos coa inauguración do Xulgado de Lalín. O traballo foi do conselleiro daquela **Sr. Palmou Lorenzo**, e sen embargo se inaugurou por **D. Emilio Pérez Touriño** que non participou na obra.*

2.- PREGUNTAS RELACIONADAS COA POSTURA DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE O ANTEPROXECTO DA COMUNMENTE DENOMINADA “LEI DO ABORTO”.

No pleno ordinario do 27 de xaneiro de 2014 debateuse a moción do PSdeG-PSOE relativa á solicitude de retirada do Anteproxecto de Lei Orgánica sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, foi defendida (por certo dun xeito brillante) pola concelleira D^a. *Beatriz Iglesias* no que foi a súa derradeira intervención nun pleno como concelleira antes da súa renuncia.

Por parte do grupo de goberno o seu voceiro fixo unha defensa a ultranza de dito anteproxecto con unha argumentación bastante retrógrada, en consonancia total co espírito e co texto do anteproxecto, terminando a súa intervención dicindo -palabras textuais recollidas na acta da sesión- que: “A moción era unha trampa que o grupo socialista lle poñía ao goberno municipal, e no que non ían caer; non ían aparecer como que o PP de Lalín que se opuña a esta norma”. En consecuencia, e dado que todo o grupo de goberno votou en contra da retirada do anteproxecto, agás que estiveran actuando dun xeito totalmente incoherente, estaban totalmente de acordo con dito texto legal.

Á vista dos acontecementos recentes que levaron á desaparición do texto legal proposto por *Gallardón* como anteproxecto e á do propio ministro como tal e incluso como deputado, parece oportuno interesarse pola postura actual do grupo de goberno e formular as seguintes preguntas:

2.1.-¿Estaba a alcaldía e o seu grupo de goberno de acordo co “anteproxecto *Gallardón*” en xaneiro deste ano?

O Sr. Alcalde dixo que contestaría por escrito.

2.2.-¿Está a alcaldía e o seu grupo de goberno na actualidade a favor de dito anteproxecto?.

O Sr. Alcalde dixo que contestaría por escrito.

2.3.-No caso de resposta afirmativa á pregunta anterior: ¿Vai a adoptar algún tipo de iniciativa no pleno na súa defensa?.

O Sr. Alcalde dixo que contestaría por escrito.

2.4.- No caso de resposta negativa á pregunta 2.2.: ¿Que explicacións poden ofrecer sobre ese cambio total de postura en tan só 8 meses?.

O Sr. Alcalde dixo que contestaría por escrito.

3.- PREGUNTAS RELACIONADAS COA SEGURIDADE NA CARREIRA DAS CARRILANAS DAS PASADAS FESTAS LOCAIS.

As carreiras das carrilanas son unha tradición e todo un espectáculo en numerosas localidades de Galicia, e de toda España, pero estiveron empañadas en demasiadas ocasións por varios accidentes que remataron con feridos leves nalgúns casos, con feridos graves noutros, e incluso co falecemento de alomenos dous condutores en dous accidentes un en Valdoviño e outro no Pico Sacro, xa hai anos.

Precisamente por iso, na gran maioría de sitios nos que se veñen celebrando este tipo de competicións ano tras ano, teñen unha normativa que fixa as características que deben ter as carrilanas, proteccións que deben levar os pilotos e copilotos e regras que deben seguir nos circuitos. E mesmo existe unha denominada Federación de Deportes de Inercia que ten unha normativa que debe cumprirse en todas aquelas competicións que se celebren dentro do calendario de dita Federación.

Ó concelleiro que subscribe parécelle ben que se organicen este tipo de carreiras, pero sempre que se faga cumprindo a normativa aplicable e con todas as medidas de seguridade preceptivas.

En relación co tema, fórmulanse as seguintes preguntas:

3.1.- ¿Quen era a persoa, persoas, asociación, etc., responsable da organización da carreira de carrilanas das festas patronais de Lalín?.

3.2.- ¿Existía algún tipo de normativa particular ou de tipo xeral de obrigado cumprimento para os participantes na carreira e para os seus vehículos?.

3.3.-¿Considera o Grupo de Goberno que se adoptaron as medidas de seguridade minimamente esixibles neste tipo de probas?.

3.4.-¿Non cree o grupo de goberno que o accidente que tivo lugar durante a carreira era perfectamente evitable con un mínimo de protección para os espectadores naquelas zonas de maior risco de accidentes?.

3.5.-¿Que tipo de medidas vai a adoptar para que nun futuro, no caso de que se sigan celebrando carreiras deste tipo no término municipal, para evitar accidentes?.

O Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias, en resposta a todas estas cuestións sinalou que era a primeira vez que se celebraban en Lalín as carrilanas.

Lembrou que un ano cando se celebrou unha carreira de Karting en Lalín unha persoa morreu. Caeuse para atrás ao recibir un golpe dun vehículo unha paca de herba seca, e deuse na parte traseira da cabeza.

Agora era a primeira vez e sempre sucedía que por ser a primeira vez non se acondicionaba o lugar. Non houbo danos e isto era o importante. Esperaba que nas vindeiras ocasións si que se cumprisen todos os requisitos e contasen con todas as autorizacións preceptivas.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

J.A. Cristóbal Fernández Vázquez

1.- PREGUNTA.- En relación coa petición de acceso a expedientes administrativos para examinalos que fai o seu grupo, quere saber se poderán facer copias dos mesmos, tal e como se dixo aquí polo Sr. Alcalde na derradeira sesión plenaria. Pregunta isto porque así como no acceso ao expediente da subvencións de cines si puideron facer copias, no decreto comunicado o outro día, dise que non. Queren saber.

Respondeu o Sr. Alcalde. D. Xosé Crespo Iglesias contestou no sentido de que o decreto quedaba igual. Non obstante, algún documento singular considerado do expediente podíase dar cando así o pedisen.

2.- PREGUNTA.- En relación coas festas patronais da Nosa Señora das Dores 2014, quere saber se se van presentar ou render as contas das ditas festas?.

O Sr. Alcalde-Presidente invitoulle, se quería, a formar parte da comisión de festas do ano que ven, o 2015, e estaba disposto e encargarlle ese labor. Salientou que o que se quería era que viñera xente a Lalín. A críticas eran fáciles, pero o difícil era facer as cousas. Coidaba que a Comisión de Festas tería que dar as contas da subvención concedida polo Concello de 40.000 €.

3.- PREGUNTA.- Vista a anterior explicación, preguntou polos importes que se recadaban das atraccións que ocupaban as vías públicas municipais e que se debían coñecer.

Respondeu D. Manuel Gómez Estévez, edil delegado de festas, no sentido de que agora en outubro estaba previsto aprobar unha ordenanza cunha regulación detallada destas ocupacións e dos importes a percibir polo Concello.

E, sendo as trece horas e dous minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente